

A argumentación e o comentario crítico

I. A ARGUMENTACIÓN

I. 1 Definición e estrutura

A argumentación é a modalidade textual que ten por finalidade demostrar ou defender unha idea baseándose en argumentos que pretenden convencer a quen le.

Os textos argumentativos constan de tres partes: a tese, o corpo argumentativo e a conclusión.

A **tese** é a opinión que se defende e constitúe o tema do texto.

O **corpo argumentativo** é o conxunto de razoamentos que apoian e/ou demostran a tese.

Finalmente, a **conclusión** debe ser unha síntese da demostración feita no desenvolvemento.

En función de como se organicen as partes anteriores podemos ter tres tipos de **estrutura**:

- Sintetizante: argumento 1 + argumento 2 + argumento n + tese
- Analizante: tese + argumento 1 + argumento 2 + argumento n
- Encadrada: presentación do tema + argumento 1 + argumento 2 + argumento n + tese-conclusión.

Na defensa da tese podemos empregar varios **tipos de argumentos**; os máis habituais son:

- **De sentido común**: son as ideas aceptadas pola maioría da xente por moral, principios, tradición... Ex.: *Evitar os accidentes de tráfico beneficianos a todas as persoas.*
- **De autoridade**: empregan o testemuño de persoas consideradas coñecedoras do tema; poden ser autores/as ou obras. Ex.: *Unha importante porcentaxe das vítimas que sobreviviron a graves accidentes coincide ao sinalar a posibilidade de evitalos se se circulase a menor velocidade.*
- **De datos**: ofrecen datos que corroboran os feitos. Ex.: *Segundo un estudo realizado recentemente, prodúcese un 70% máis de accidentes cando as condicións climáticas son desfavorábeis.*
- **De exemplo**: un caso concreto serve como exemplo das ideas que se queren defender. Ex.: *Un claro exemplo constitúe o accidente acontecido en Vila de Cruces o mes pasado. Se a estrada non estivese mollada e se se mantivese a distancia de seguridade, podería evitarse o impacto.*
- **De experiencia persoal**: empregan as propias vivencias ou experiencias para apoiar unha idea. Este tipo de argumentación daralle orixinalidade ao teu comentario, pero non é suficiente por si soa nin debes abusar dela caendo no anecdótico. Ex.: *Eu mesma me teño visto envolta en máis dunha ocasión en accidentes deste tipo.*
- **De analoxía**: compáranse dúas situacións semellantes. Ex.: *No mes de agosto deste ano producíronse 67 accidentes menos que o ano pasado.*
- **Legais**: acódeuse ao establecido na lexislación. Ex.: *Segundo as leis vixentes é obrigatorio o uso do cinto de seguridade nos asentos traseiros.*

I.2 Características lingüísticas

- Nivel léxico: abundancia de **substantivos abstractos** para conferir universalidade e aparición de **tecnicismos**.
- Nivel morfosintáctico:
 - predominio do presente de indicativo e de construcións impersoais ou de pasiva reflexa.
 - **períodos sintácticos longos** que permiten un mellor desenvolvemento dos razoamentos.
 - emprego de **conectores**, particularmente os exemplificadores, causais, consecutivos e conclusivos.
- Nivel textual:
 - **enumeracións** para reforzar ou enfatizar unha idea.
 - **definicións, citas e exemplos** que apoien os argumentos.

I.3 Actividades

1. Le o seguinte texto e responde as preguntas que figuran abaixo:

Segundo os estudos máis recentes, o galego segue a ser a lingua maioritaria no noso país. Nun informe sociolingüístico elaborado pola Universidade de Vigo sobre a situación da lingua galega no noso concello, destacan dous aspectos significativos: o 75% das persoas usan sempre ou ás veces o galego.

O Consello da Cultura Galega publicou recentemente dous rigorosos estudos sobre o grao de aceptación do uso da nosa lingua na publicidade e nas actividades comerciais. Falamos de *Publicidade e lingua galega* e *Vender en galego*. Elaborado sobre un total de máis de mil entrevistas a persoas residentes en Galicia, cun nivel de confianza dun 95,5%, o estudo mencionado demostra que o uso da lingua galega nas actividades comerciais funciona como elemento positivo á hora de vender un produto.

De feito, tal e como se recolle neste estudo, os empresarios que xa están a utilizar o galego nas súas actividades recoñecen que, lonxe de supoñer un atranco, a lingua galega actuou como elemento dinamizador das súas empresas. Por exemplo: a un 83,9% dos entrevistados parecíalles ben ou moi ben o uso do galego na publicidade e un 92,5% estaban en desacordo con que o galego sexa inapropiado para anunciar produtos de prestixio.

En conclusión, todos os sectores sociais asumen que o galego é unha lingua apropiada para anunciar calquera produto (leite, zapatos, lavalouzas...) e que os produtos que se publicitan neste idioma merecen toda a confianza. Mesmo se aprecia que, ante calidades e prezos semellantes, o uso do galego inflúe positivamente na decisión final de mercar ou consumir un produto. Noutras palabras, o galego vende.

a) Indica que tese defende este texto e en que parágrafo se localiza.

b) Sinala agora con que argumentos se apoia esa tese:

1º parágrafo:

2º parágrafo:

3º parágrafo:

c) Clasifica, segundo a súa natureza, os argumentos empregados.

d) Que tipo de estrutura presenta o texto?

e) Destaca os conectores que o caracterizan como un texto argumentativo.

2. A partir dos enunciados que se che proporcionan redacta, como mínimo, tres argumentos relacionados por conectores:

Exemplo: A poboación galega presenta uns índices moi baixos de lectura...

A poboación galega presenta uns índices moi baixos de lectura **dado que** máis da metade da xente recoñece que non le nada en todo o ano / **a pesar de que** cada vez se inviste máis en campañas **para que** se fomente o hábito lector / **aínda que** case todo o mundo recoñece os seus beneficios

a) A existencia de diferentes opcións políticas é positiva...

b) Xa se poden percibir os primeiros efectos do cambio climático...

c) En breve prohibirase o uso de bolsas de plástico...

d) O goberno probablemente prohibirá que se fume en todos os lugares públicos...

e) A escolarización é obrigatoria ata os 16 anos...

f) As mulleres galegas cobran de media un 25% menos ca os homes...

3. Despois de ler a información que che fornece o seguinte texto, elabora unha lista de 10 argumentos en contra e outros 10 a favor das centrais nucleares:

Centrais nucleares en España: razóns a favor e en contra

As principais organizacións ecoloxistas e diversos expertos antinucleares argumentan o peche definitivo destas instalacións, mentres que os seus responsables e os expertos favorables ao uso da enerxía nuclear con fins pacíficos ofrecen explicacións contrapostas para defender a súa continuidade e mesmo a construción de novas centrais. Cuestións clave como a seguridade das instalacións, o almacenamento dos residuos e a radiactividade, a súa substitución por enerxías renovables, o seu efecto na factura eléctrica dos consumidores, as reservas de uranio ou o impacto laboral dun hipotético peche enfrontan con argumentos e contraargumentos a uns e outros.

¿Son as centrais nucleares en España seguras?

Os ecoloxistas afirman que estas instalacións rexistran en España diversos fallos de seguridade, algúns deles moi importantes, polo que poñen en risco o medio e a saúde pública. Por exemplo, recordan o peche de Vandellós I (Tarragona) en 1989, a causa do incendio que sufriu esta central. Por iso, os ecoloxistas insisten en continuar coa moratoria que impide substituílas por outras centrais novas e avogan polo seu desmantelamento progresivo.

Pola súa banda, os defensores das centrais nucleares recoñecen a existencia de fallos, pero negan que se puxera en perigo a seguridade dos cidadáns. Neste sentido, aseguran que as centrais nucleares españolas, ao igual que as do resto

do mundo, son as instalacións industriais máis seguras. Dende a súa entrada en funcionamento, subliñan, ningunha das oito centrais españolas produciu mortos nin feridos. Os expertos nesta tecnoloxía tamén destacan que non hai riscos de explosións: o maior accidente nuclear da historia, Chernobil, foi provocado por un incendio e unha cadea de erros humanos e fallos de seguridade impensables nas actuais centrais.

¿Que vai acontecer cos residuos?

Os detractores das centrais nucleares recordan que os residuos radioactivos seguen sendo a súa grande materia pendente. España sofre ademais o problema engadido da falta dun cemiterio nuclear do que xa dispoñen outros países. Todas as centrais españolas gardan as súas propias escouras de alta actividade atómica, pero a súa capacidade está a chegar ao seu límite. Aínda que xa hai varias localidades que se propuxeron como candidatas para este almacén de residuos, polo momento non se tomou ningunha decisión. Estímase que estas escouras emiten radiación durante decenas de miles de anos e almacenalas só entre 1985 e 2070 custará uns 13 000 millóns de euros.

Pola súa banda, os pronucleares recordan que a tecnoloxía actual permite almacenalos de forma segura. O espazo tampouco sería problema, xa que un cemiterio nuclear do tamaño dun campo de fútbol podería gardar as escouras de séculos de produción de moitas máis das centrais europeas actuais. E fálase xa de centrais de cuarta xeración, que poderán destruír e mesmo reutilizar estes residuos como combustible nun futuro próximo, sen esquecer outras prometedoras tecnoloxías como a fusión nuclear ou os híbridos de fisión e fusión.

¿A súa produción pódese substituír por renovables?

Os ecoloxistas sosteñen que a produción de enerxía nuclear é unha das causas do lento progreso das renovables. Por exemplo, afirman que, dado que a crise económica provocou a caída do consumo eléctrico, a imposibilidade de reducir a produción nuclear levou a malgastar unha parte da enerxía eólica.

Así mesmo, as ONG ecoloxistas recordan que España produce máis electricidade da que consume e, de feito, en 2008 exportou electricidade, principalmente a Portugal e Marrocos. Por iso, opinan que as centrais nucleares poderían substituírse por outras fontes de enerxía renovables.

Os defensores das centrais nucleares en España considéranas indispensables no actual mix enerxético, máis se cabe ante a excesiva dependencia española do petróleo e do gas estranxeiro e o seu contaminante impacto. Neste sentido, sosteñen que a enerxía nuclear é hoxe en día a tecnoloxía máis segura e limpa (non emite gases de efecto invernadoiro, causantes do cambio climático) e, por iso, defenden a súa prórroga e o abandono da moratoria para poder construír máis centrais nucleares.

En canto á súa substitución plena polas renovables, recordan que o seu elevado custo e o seu escaso desenvolvemento o fan impensable e máis se cabe cando non se poden producir de forma constante e predicible, sen esquecer que tamén poden ter importantes impactos ambientais.

¿O seu peche suporá subas do prezo da electricidade?

Os ecoloxistas aseguran que as únicas beneficiarias da continuidade das centrais son as empresas eléctricas que as construíron. A construción dunha central é moi custosa, pero a súa explotación é moi rendible para os seus xestores, xa que entre outras cuestións cobran a electricidade en función da central que a produce ao prezo máis caro. Así mesmo, os ecoloxistas recordan que na actualidade catro das oito centrais españolas están paradas sen que iso afecte aos prezos. Por iso, sosteñen que o seu peche non debería supoñer impacto ningún na factura eléctrica que pagan os consumidores. Pola súa banda, os responsables destas centrais si cren que o peche destas instalacións podería aumentar o prezo da electricidade que pagan os consumidores, e recordan as millonarias investimentos que requiren as centrais para o seu correcto funcionamento.

¿Quedan reservas de uranio?

Os antinucleares aseguran que falta medio século para que o uranio, principal combustible das actuais centrais, deixe de ser barato e doado de extraer.

Os defensores da industria nuclear manteñen que segue sendo un elemento moi común e estendido por todo o mundo, ao contrario que o petróleo ou o gas. As reservas de uranio de España son as segundas de Europa occidental, só que na actualidade é máis barato compralo a outros países. Pero cunha demanda enerxética cada vez maior, auguran, a extracción destes depósitos acabaría sendo competitiva. Mentres, os expertos en enerxía nuclear traballan para aproveitar outras materias primas, como o torio, moito máis abundante que o uranio. E remarcan que as centrais son tamén a mellor opción para desfacerse do plutonio militar, xa que podería reaproveitarse como combustible.

¿Cal sería o impacto laboral do hipotético peche das centrais?

As ONG ecoloxistas sinalan que, en caso de pecharse as centrais, os traballadores poderían recolocarse noutras actividades industriais, así como nas tarefas do seu desmantelamento, o que mesmo podería xerar máis empregos. Por exemplo, o desmantelamento de Vandellós I necesitou 2 700 persoas. Do mesmo modo, argumentan que, ao parar esta actividade, a zona podería encherse con outro tipo de sectores que ata agora non se quixeron situar alí por medo á radiactividade.

Pola súa banda, os responsables destas centrais sosteñen que se porían en perigo miles de postos de traballo e se produciría un impacto económico para as súas respectivas áreas de influencia de varios millóns de euros.

Revista Consumer

II. O COMENTARIO CRÍTICO

II.1 Que é?

Consiste en expresar organizada e claramente unha valoración argumentada sobre un texto dado.

Vanse valorar, polo tanto, dúas cuestións:

- A túa capacidade crítica:** debes demostrar que tes os teus propios coñecementos e opinións e que sabes razoar a partir deles para contrastalos co que se di no texto.
- A túa expresión lingüística:** debes demostrar que es capaz de expresar as túas ideas de xeito organizado, correcto e eficaz.

Daquela, non debes empregar o comentario crítico para:

- Expoñer todos os coñecementos que posúas sobre o tema proposto, tomando o texto como un pretexto.
- Expresar coñecementos moi xerais que poidan aplicarse a calquera texto, pero que non achegan nada relevante nin orixinal sobre o que se propón.
- Tomar o texto como unha escusa para comentar cuestións secundarias ou alleas ao tema.
- Repetir un resumo ampliado ou realizar unha paráfrase do texto proposto.
- Adoptar un ton polémico, agresivo ou “de peloteo”. Nin o eloxio excesivo nin a crítica feroz son mostras de maior madurez, senón todo o contrario. Debes moderar as túas opinións, tanto no contido coma na forma, e expoñelas sen medo, pero sempre de xeito razoado.

II. 2 Como se fai un comentario crítico?

O comentario ten dúas vertentes: as opinións e a correcta expresión desas opinións. As dúas son igualmente importantes no resultado final. Para saber o que pensas sobre un texto antes tes que comprendelo e para garantir unha correcta exposición do teu pensamento convenche realizar un borrador. Por iso imos distinguir unha fase de preparación e outra de redacción do comentario.

Para a preparación do comentario podes seguir estes pasos:

a) Que di o texto?

- 1º Dálle unha **lectura xeral** ao texto e soluciona todas as dúbidas sobre o **significado** das súas palabras.
- 2º Realiza unha **segunda lectura subliñando** o máis importante de cada parágrafo.
- 3º Extrae a **idea principal** de cada parágrafo e mais as **ideas secundarias**, intentando establecer relacións entre elas. Podes empregar as marxes para facer anotacións.
- 4º **Resume** o texto, así obterás unha expresión obxectiva das súas ideas fundamentais.
- 5º Establece o **tema** do texto.

b) Que opino sobre o texto?

Agora que xa sabes o que se di no texto tes que reflexionar sobre o que sabes ti dese tema e sobre o que pensas das ideas expresadas nel, é dicir, tes que decidir que **tese** vas defender e con que **argumentos**.

Para que a túa tese quede ben defendida é conveniente que combines distintos tipos de argumentos dos estudados anteriormente e procura evitar os seguintes **erros**:

- **Argumentos de apelación á forza ou ofensivos:** *Levo vinte anos conducindo e non admito que ninguén me diga o que teño que facer. Os axentes de tráfico son todos uns chulos, só queren amolar e racadar cartos.*
- **Argumentos de falsa relación causa-efecto:** *A mocidade consome moito alcohol, de aí que provoque moitos accidentes.*
- **Argumentos de xeneralización:** *Onte morreu un mozo nun accidente por exceso de velocidade; a xente moza nunca respecta os límites de velocidade.*
- **Argumento baseado en prexuízos:** *A proba de que as mulleres son peores condutoras que os homes é que hai menos mulleres con carné.*

c) Como expreso a miña opinión?

Cando saibas o que pensas tes que expresalo. Para garantir a calidade e a rapidez da redacción definitiva do comentario convenche realizar un borrador. Atende ás seguintes pautas:

- A extensión aproximada do comentario son 20 liñas e non terás moito tempo, así que debes seleccionar e organizar ben as túas ideas.
- É recomendable que o texto presente tres partes: introdución, desenvolvemento e conclusión. (Daquela deberá contar, como mínimo, con tres parágrafos). Nesta fase debes esquematizar o que vas incluír en cada unha.
 - i. **Introdución:** debe ser breve (un parágrafo) e pode enlazar coa lectura do texto, recollendo a súa idea principal (xa a terías determinada cando fixeches o tema do texto). Podes opinar sobre a importancia e actualidade do tema ou sobre a orixinalidade ou o enfoque co que está tratado o asunto.
 - ii. **Desenvolvemento:** é a parte máis extensa e pode conter máis dun parágrafo. Aquí debes expoñer os teus argumentos, ordenados e relacionados. Evita as contradicións, as repeticións e as afirmacións non razoadas.
 - iii. **Conclusión:** debe ser breve (un só parágrafo) e resumir a esencia do exposto anteriormente, é dicir, debes expoñer a tese que defendiches. O que expreses aquí vai ser o que configure a impresión xeral do comentario na mente de quen o lea, por iso convén meditalo ben.

d) Unha vez realizado o esquema-borrador debes realizar a **redacción definitiva**; non esquezas que é tan importante a corrección da expresión coma a calidade da túa argumentación.

II. 3 Modelo de texto comentado

(Adaptado de A. Nieto e X. Troitiño: *Lingua e literatura galega 2º bacharelato*, Anaya, 2001)

“A sedución do diñeiro”

Tan decisiva é a sedución dos cartos, que a súa influencia resulta determinante incluso nos asuntos máis conflitivos. Alí onde as paixóns políticas ou raciais parecen irreconciliables, a baza crematística termina sempre gañando a partida. Baluarte poderoso, eu diría que invencible, é o diñeiro. (...) As guerras –sobre todo as modernas- non as gañan nin o heroísmo dos soldados nin a intelixencia dos seus xefes, gáñanas os países que dispoñen dunha economía superior. Na política sucede o mesmo.

Un exemplo de que isto é así, témolo no caso da detención do ex presidente de Iugoslavia Slobodan Milosevic. Tras a súa derrota democrática a mans de Vojislav Kostunica, ao ser acusado de crimes contra a humanidade por unha Corte Internacional e por crimes de guerra ante o Tribunal Penal do seu país, o ditador buscou refuxio na súa casa das aforas de Belgrado. (...) Realizábanse conversas a todos os niveis, pero Milosevic seguía tan cheo de razón na súa residencia, incluso fachendeando do poder que xa non tiña.

Pero son comprensibles os titubeos do goberno de Kostunica ante un caso tan complicado como a detención e o proceso de Milosevic, ao que o exército aínda respecta. Os exércitos, xa se sabe, acostuman ser moi respectuosos cos ditadores. En Chile co xeneral Pinochet, aquí con Franco. Pero volvo ao primeiro deste artigo: o diñeiro manda. Whashington recordoulle a Belgrado que se encontra conxelada unha partida de cincuenta millóns de dólares para axudar a Iugoslavia se de verdade quere entrar no camiño da democracia, anunciando, ademais, que de non ser así vetaría o Fondo Monetario Internacional, o Banco Mundial e outras institucións financeiras para calquera axuda ao país balcánico. E a data límite cumpría co mes de marzo.

Polo tanto, como “money is money”, o goberno de Kostunica acabou coas arrogancias de Milosevic e dos seus afoutos defensores. Comprenderon, uns e outros, que sen a axuda norteamericana, a reconstrución de Iugoslavia non pasa de ser unha utopía, polo que a orde do xuíz se produciu antes de que se cumprira o prazo dado pola Administración estadounidense, e a estas horas Milosevic xa non depende dos seus incondicionais, senón da xustiza iugoslava. (...)

José López: *O Correo Galego*, 3-4-2001

1. Subliña as ideas fundamentais do texto.

2. Resume o seu contido.

Actualmente, no mundo case todo se move por cartos, fundamentalmente cando se trata de cuestións políticas.

Un exemplo disto témolo no que sucedeu co ex presidente iugoslavo Milosevic, quen, malia ser acusado de crimes de guerra e crimes contra a humanidade, permanecía na súa residencia sen que o goberno de Kostunica fixese nada para detelo. No entanto, foi a ameaza norteamericana de conxelar todas as axudas económicas a Iugoslavia a que provocou a mobilización instantánea do goberno do país e a inmediata detención de Milosevic, porque a reconstrución de Iugoslavia só pode ser realizada coa axuda económica internacional.

3. Elabora un esquema coas ideas principais e secundarias.

1. O poder dos cartos é grande no mundo.
 - 1.1 Os países economicamente poderosos son os que gañan as guerras e manexan a política no seu favor.
2. Un exemplo é a detención de Milosevic.
 - 2.1 Inoperancia do goberno iugoslavo
 - 2.2 Ameaza norteamericana de conxelar as axudas económicas para a recuperación de Iugoslavia
 - 2.3 O goberno de Kostunica detén a Milosevic.

4. Indica o tema do texto.

O poder dos cartos na política internacional

5. Comenta criticamente a seguinte afirmación: “As guerras –sobre todo as modernas- non as gañan nin o heroísmo dos soldados nin a intelixencia dos seus xefes, gáñanas os países que dispoñen dunha economía superior. Na política sucede o mesmo.”

Hoxe, máis ca nunca, os cartos mandan. Os gobernos dos países economicamente poderosos son os que deciden boa parte da política dos menos desfavorecidos. Teñen capacidade e carta branca para intervir noutros países se así o deciden, para colocar neles gobernantes do seu interese ou para activa e desactivar a súa economía.

Por exemplo, cando os conflitos bélicos afectan aos países ricos –coma no caso de Iugoslavia-, os norteamericanos e os seus aliados interveñen para solucionar o problema; porén, se o conflito se produce nun país pobre e no que as nacións desenvolvidas apenas teñen intereses, déixase que os intervenientes se maten entre si, coma no caso de moitos países africanos (Ghana, Zimbawe) ou de pobos que a comunidade internacional tenta ignorar (kurdos, chechenos...)

Na era da democracia, vivimos máis ca nunca baixo a ditadura dos cartos.

II. 4 TEXTOS PARA COMENTAR

Texto 1

Rice chegara anos atrás dun punto perdido da China fuxindo da miseria e do tedio, procurando experiencias e ruído, fóra xa dun mundo en desequilibrio por mor dun encoro descomunal que levaban anos construíndo no curso do río Yan-tze.

Ao chegar á cidade pasara por mil traballos menores, deses que adoitán facer os inmigrantes sen permiso de traballo, dificultado por un escaso coñecemento da lingua e por unha tendencia incomprensíbel a non procurar o abeiro dos cidadáns da súa fala. Adaptárase ben, ou así llo parecía a el e aos seus amigos, con esa facilidade sutil que teñen os pobos de estirpe emigrante para sentirse, logo do desconcerto inicial, aparentemente integrados en calquera parte do mundo.

Chegara para ficar, tras moitos avatares e moitas dúbidas, vivindo no gume cortante da incerteza e a inseguridade, sufrindo ameazas ficticias e verdadeiras, suando sangue para chegar á cidade de promisión, ao refuxio de tantos cosmopolitas forzosos, de tantos desherdados de raíces, de tantos perdidos nun mundo que xiraba aloucadamente sen deterse a pensar por que xiraba e por que o facía aloucadamente.

Xabier Queipo, *Dragona*, 2007.

Expón a túa opinión persoal sobre a inmigración en España.

Texto 2

Lucía e Mabel tiñan 15 anos. O domingo incrementaron o número de mortos nas estradas galegas. Viñan de madrugada dunha festa, dun botellón. Non ían conducindo, estaban no asento traseiro do vehículo, pero tampouco levaban o cinto de seguridade posto. Esqueceron prenderse á vida.

A maior parte dos sinistros teñen por protagonistas xente nova. ¿Ten sentido, entón, propoñer que os mozos de 16 anos que superen o exame teórico do carné de conducir poidan sentar ao volante dun coche, sempre que vaian acompañados dun adulto? Por moitos anos de experiencia que lle esixan ao copiloto, non vai conducir por eles.

Neste caso, o mozo que levaba o automóbil tamén viña do botellón, e sobrepasaba o límite de alcoholemia. Parece ser que tamén sobrepasaba o límite de velocidade permitido. Ían con présa. Un poste de formigón detivo a súa carreira. E a vida das mozas. Viaxaban seis no mesmo coche. Unha traxedia.

O problema é que estes accidentes estanse a converter nun caso habitual. Prodúcese demasiados. Séganse vidas de xoves en exceso. Son tantos que é sinxelo pensar que en lugar dunha traxedia, é unha traxedia máis. O condutor foi acusado de homicidio por imprudencia. Con isto non van arranxar nada, a morte non ten remedio, pero así non dá lugar a dúbida que o conducir baixo os efectos do alcohol e sen cumprir as normas de circulación constitúe un delito. Causar a morte por este motivo é un homicidio.

María Canosa, *La Voz de Galicia*, 2-10-2007

Expón a túa opinión persoal sobre o problema que se expón no texto.

Texto 3

Como na escola nos ensinaron a identificar unidade política europea con idioma nacional ("para España o español, para Italia o italiano, para Francia o francés etc."), o multilingüismo segue a ser unha realidade pouco explorada, considerado como un problema que precisa solución en lugar dunha riqueza da que gabarse. Pero o monolingüismo non é a realidade normal, nin sequera é unha realidade desexable, inevitable ou sufi ciente. Fóra dese reduccionismo escolar, na maioría das rexións do mundo os individuos desenvolven as súas vidas mediante o uso de varias linguas.

As contas saen de xeito ben doado: temos unhas seis mil linguas e uns douscentos cincuenta estados ou territorios independentes; xa que logo, as linguas teñen que solaparse, compartir territorios e mesmo instalarse á vez nas mentes dos individuos. E o reparto non é equitativo e resiste a calquera análise simplificadora. De entrada hai linguas que gozan de excelente estado de saúde. (...) No outro extremo, a maior parte das linguas da humanidade subsisten en precario: sen posibilidade de acceder aos grandes modelos de prestixio simbólico, sen presenza efectiva nos medios de comunicación, na ciencia ou na arte, as máis das veces mesmo sen existencia por escrito. Como calquera outro reparto de riqueza, o das linguas é problemático pola parte que a todos nos toca de culpabilidade no asunto.

Teresa Moure, 2003

A partir da seguinte afirmación: "O multilingüismo segue a ser unha realidade pouco explorada, considerado como un problema que precisa solución en lugar dunha riqueza da que gabarse", expón a túa opinión sobre as vantaxes e inconvenientes do multilingüismo.

Texto 4

O home atopa sempre o xeito de converter a practicidade en superfluidade. As épocas máis avanzadas das civilizacións diferéncianse das que aínda se achán no lento e traballoso proceso de zumegar de si unha cultura, precisamente na súa capacidade para produciren, directamente, e sen case transitaren polo práctico e funcional, toda clase de ideas e obxectos innecesarios, e tamén na súa facilidade para converteren obxectos orixinariamente inútiles en cousas psicoloxicamente indispensables –as gravatas, a metafísica, a velocidade, o contrapunto musical- e así mesmo en dárenlles uso ornamental e igualmente van a obxectos nados para fins terminantemente prácticos.

E aínda se podería engadir que o home civilizado é un ser que de tal xeito pon o seu acento existencial no uso –ou desexo- da maior suma de cousas superfluas, que chega a sentirse a si mesmo como unha superfluidade reflectida en sistemas filosóficos consistentes en preguntarse por que naceu, que fai neste mundo, e, de xeito moi teimudo, que farán del no outro cando xa, como tal home histórico, sexa a cousa máis superflua e inútil que poida pensarse. E cando logra cabalmente esa certeza dubitativa sobre si mesmo –e lógrao, máis ou menos, cada cincocentos anos-, sobreveñen os que na terminoloxía do ramo chaman os historiadores "períodos de decadencia", que son aqueles en que o home comeza a ter conciencia de ser vítima das súas propias invencións superabundantes, mesmo as filosóficas. Chegado este caso, dedícase a esnaquizalo todo para comezar de novo. E así sucesivamente.

Todas estas altas especulacións –e moitas outras que poderían engadirse (...)- tráioas aquí a propósito do teléfono. ¿Haberá entre tódolos utensilios que nos subministrou a técnica, obxecto máis útil e precioso? ¿E haberá entre todos eles, outro do que se faga un uso máis superfluo?

Adaptado de E. Blanco Amor, 1955

A partir do exposto no texto, redacta un comentario sobre a utilidade e o uso que na actualidade se fai do teléfono móbil.

AMPLIACIÓN E REFORZO

TEXTOS PARA COMENTAR

Texto 1

Iqbal Masih tiña como única posesión os seus doce anos. Aos catro foi vendido por 600 piastras –menos de quince dólares- para traballar nas industrias tecelás do Paquistán. Iqbal tecía alfombras durante doce horas ao día a cambio de tres centavos.

Un día, o pequeno rompeu os fíos que o ataban ás tecedeiras e converteuse na voz da denuncia dos millóns de nenos escravos do mundo. Cos premios recibidos abriu unha escola na que quería aprender para facerse avogado. A súa loita fixo que pecharan varias empresas nas que traballaban como escravos nenos e nenas pero, tamén, que puxeran prezo á súa pel.

O 16 de abril de 1995, Iqbal caeu abatido a balazos polas costas cando pedaleaba na súa bicicleta. As mafias tapiceiras paquistanís non perdoaron a súa voz, unha voz que xa se escoitara internacionalmente, mesmo na ONU. Dende entón, o día 16 conmemórase en todo o mundo o día internacional contra a escravitude infantil.

A trágica historia de Iqbal non é, por desgraza, unha excepción. Segundo Unicef, non mundo hai uns 250 millóns de cativos forzados ao traballo. Minas, canteiras, tabaqueiras, fábricas de tixolos, tecedeiras, o agro... Os corpos infantís son utilizados como man de obra barata para satisfacer a fame insaciable do capitalismo.

Nenos-soldado. Nenas-prostitutas. Nenas-obreiras. Nenos-sida. Nenos-venda de órganos. Nenas-pegamento. Nenos-rúa. McDonalds e Disney son citadas pola Axencia de Información para América Latina como multinacionais que empregan a menores para fabricaren xoguetes. Os nenos dos países subdesenvolvidos cosen as pequenas pezas coas que os nenos occidentais tecen os seus soños. Os alicerces da ilusión.

Rosa Aneiros: *El Progreso*, 18-04-2006

Redacta un comentario crítico sobre as ideas expostas pola autora do texto.

Texto 2

Hai linguas que xa se defenden por si soas, e ás que se lles outorga un grao de respectividade máis alá de dúbidas e discusións. É por iso que cómpre insistir especialmente na defensa das linguas ameazadas e na proclamación da bondade e viabilidade das que non teñen á súa beira o poder dun estado e o prestixio da economía e o comercio internacionais.

Temos que nos convencer de que toda lingua é apta para a ciencia, a economía, a educación, o dereito, a literatura e os grandes medios de comunicación. Ningunha lingua impón restriccións ao pensamento e á expresión, senón todo o contrario: as linguas fannos humanos e somos nós os que podemos, con calquera lingua, mover o mundo e as súas forzas. É preciso, polo tanto, que arredemos os complexos: a nosa lingua é tan válida coma calquera outra; é a lingua do noso mundo e pode ser, con todo dereito, a lingua de expresión científica, económica, xurídica, educativa, artística e dos grandes medios de comunicación e de lecer. E se non o conseguimos con obstinación, se perdemos o orgullo e a vontade de ser como somos e de falar como falamos, a nosa lingua entrará no camiño escuro da extinción, condenada a vivir recluída en cantos folclóricos e en publicacións de vía morta. É isto o que, ao cabo, temos que evitar, se queremos manternos coma un pobo diferente, irmán de todos os outros pobos que falan diferente sobre a terra.

Jesús Tusón: *Mal de linguas*, 1990

Redacta un comentario crítico sobre as ideas expostas polo autor do texto.

Texto 3

Hai pouco falei das desgracias que trae consigo o xogo; pois as que trae a bebida son máis negras e máis terribles. O borracho deixa de ser home para converterse en animal: salta dende o alto posto da razón que Deus nos deu ata o fondo do abismo escuro da nada: ata a loucura.

Paso por alto o que se refire á cuestión de cartos que se gastan neste vicio tan indecente que ó cabo da vida regular significan un pico. Hai outras con seguridade peores que son consecuencia fatal da borracheira: pérdese con ela o cariño, a familia, pérdese a consideración social e, o que é peor, a saúde (...)

O seu cheirume e o seu sabor fan o papel do canto da serea mitolóxica que querendo atraelos barcos para os sitios perigosos para que naufragasen, cantaba dunha maneira admirable e conseguía desa maneira atraelos e que fosen ó fondo do mar. O papel do alcohol ten moito parecido: atrae, engana, ata que consegue penetrar no estómago coas súas garatuxadas. Dentro xa, traballa como lle dá a gana: destrozando as nosas entrañas e roubándonos a razón (...)

Vou citar uns parágrafos de sabios coñecidos en todo o mundo para que se vexa que non falo de memoria: "a sede grande, a perda de apetito, as dispepsias, os cancros de fígado, moitas lesións do corazón e a loucura, son froitos do alcoholismo." (Dr. Pou); "a bebida alcohólica é a vellez anticipada." (Lanceraux); "o alcohol produce na actualidade máis desgracias cá peste, a fame e a guerra." (Gladstone); "o alcohol non dá saúde, nin forza, nin calor, nin alegría: o único que dá son enfermidades." (Tolstoy); "a terceira parte dos tolos que hai nos manicomios, son tolos debido ó alcohol." (Sikorski) (...)

(...) Quixera que fose dalgunha utilidade canto levo dito e que os que teñen a desgracia de emborracharse, procurasen emendarse. Para ter todas as malas condicións, este vicio maldito ata ten a propiedade de non deixar a quen o ten, ata que o despacha para a sepultura.

O Tío Pepe, 20-11-1913

Tendo en conta as opinións dadas no cuarto parágrafo, reflexiona sobre os efectos do abuso das bebidas alcohólicas.

Texto 4

Seguimos aínda conmocionados pola matanza que o mozo de 18 anos, Pekka Auvinen, provocou en Finlandia co resultado terrible de nove persoas mortas no instituto de Tuusula, perto de Helsinqui, incluído o propio asasino que ademais de matar a directora, a enfermeira e seis estudantes do centro, tentou prenderlle lume ao edificio escolar con máis de 500 alumnos e alumnas dentro.

Outro aspecto relevante desta traxedia é que o autor anunciou previamente as súas macabras intencións en Youtube, con frialdade e premeditación. Como un vingador solitario, cheo de ira e de resentimento, ameazaba en internet con eliminar os "incapacitados e vergoñas da raza humana, fracasos da selección natural".

Para maior alarma social, este tráxico suceso coincide no tempo coa proliferación de gravacións de móbiles nalgúns centros educativos de Galicia, reais ou de ficción, con imaxes violentas, de diferente tipo, que son divulgadas entre rapaces e rapazas e tamén colgadas na rede. Todos estes acontecementos provocaron regueiros de tinta, titulares de trazo grosso e aperturas de telediarios nalgúns televisións, reabrindo, desta maneira, varios debates, algúns deles xa reiterados. Tantos que resulta ás veces imposible abordalos coa suficiente serenidade e rigor.

Mestúranse ademais temas e opinións. Aparecen estudos, expertos... que coa mesma fugacidade con que aparecen, esquecense, ata a seguinte ocasión. Non faltan voces que se escandalizan sobre o que din que está pasando nos institutos e coa nosa mocidade, case que sempre, desde o descoñecemento da realidade ou desde certos prexuízos morais moi arraigados entre os adultos e que tenden a criminalizar ou a descualificar comportamentos que atribúen, con lixeireza, a toda a mocidade. Xa Sócrates afirmaba no seu tempo que "os mozos de hoxe en día son uns tiranos. Contradín aos seus pais, devoran a súa comida e fáltnlles ao respecto aos seus mestres..."

Manuel Dios: "A educación e a sociedade: perda dos valores", *El Correo Gallego*, 24-11-2007 (adaptación)

Comenta criticamente o seguinte fragmento:

Non faltan voces que se escandalizan sobre o que din que está pasando nos institutos e coa nosa mocidade, case que sempre, desde o descoñecemento da realidade ou desde certos prexuízos morais moi arraigados entre os adultos e que tenden a criminalizar ou a descualificar comportamentos que atribúen, con lixeireza, a toda a mocidade.

Texto 5

A guerra é a salvación da Humanidade
fai avanzar a Ciencia, desenrola
ao pobo, crea industrias importantes
e potentes, fai fl orecer a Economía
dun xeito case milagroso, asegura
a paz, é construtiva, sirve
de inspiración aos cantos épicos,
fabrica heroes inmortais e lexendarios.
Na guerra un pode demostrar o seu
valor e o seu valer, gañar ascensos,
acadar condecoracións moi prezadas,
brillantes e honrosísimas. En tempo
de guerra todo é progreso, ledicia
e máis fartura. Mísiles, tanques,
fusiles, pistolas, metralletas,
escuadras, canóns aéreos e antiaéreos,
bombas atómicas, de mao e de napalm
erguen unha música doce e harmoniosa
que a xente escoita compracida
e enlevada. Todos van á morte
moi felices, os feridos teñen nos beizos
a flor dunha sorrisa. Non se derrama
sangue, ¡ai, eso non!. Os campos
bombardeados e incendiados
seméllanse aos xardíns e ás máxicas
fogueiras do San Xohan.
Os homes esquecense de odiar
e aprenden a amarse de verdade.

Manuel María, 1972

Expón a túa opinión sobre as ideas que o autor pretende transmitir neste texto.

Texto 6

O mozo maldiciu, ergueuse furioso e tirou a banqueta dunha patada. O home de pelo cano, ao falarlle, miraba na camiseta, coa lenda de Iron Maiden, o espectro monstruoso que suxeitaba coas mans os extremos dun cable de alta tensión e lostregaba polos ollos. O pelo do espectro era moi longo e dun branco de neve.

¿Que fas? ¡Pon a banqueta dereita!

Estaban vendo o partido televisado. O rival metera o gol do empate e alonxábanse as posibilidades de que o Deportivo da Coruña acadara o campionato. Só faltaban cinco minutos para terminar o encontro. Ao fondo da cociña, palillaba flores de encaixe a nai. Aquel son industrioso pertencía á orde natural da casa. Facíase notar cando non existía.

A culpa é del, dixo o mozo con resentimento.

¿De quen? Tamén o home de pelo cano se sentía molesto.

¿De quen vai ser? ¡Mira que é burro!

¿Por que lle chamas burro? ¡Non sabes nin de que falas!

Estabamos gañando, estabamos gañando e vai e cambia a un dianteiro por un defensa. Sempre recúa. ¿Non te das conta de que sempre recúa?

¿Está el no campo? Dime. ¿Está el no campo? ¿Non hai once tipos que xogan? ¿Por que lle botades a culpa a el?

¡Porque a ten! ¿Por que non saca a Claudio? ¿A ver? ¿Por que non? Iamos gañando e vai e cambia a Salinas. ¡Todo ao carallo!

Manuel Rivas, 1995

Expón a túa opinión sobre a importancia que se lle dá ao fútbol na nosa sociedade.

Texto 7

Carlos percorrera o Camiño por primeira vez en 1966. Daquela era unha ruta case esquecida —apenas vivificada pola celebración do Ano Xacobeo de 1965— que o peregrino ía reabrindo paso a paso, na súa particular loita por chegar á tumba do Apóstolo Santiago... ou á antiga fin do mundo. Volveu facelo en 1983, un ano despois da visita do Papa Xoán Paulo II a Compostela, e xa percibiu o xerme dunha mobilización xeral para recuperar as rutas xacobeas. (O ano clave —o verdadeiro Annus Mirabilis do Camiño— fora 1982). E sentiu terror. Desde o alcalde do concello máis pequeno ata os gobernos autonómicos interesados, o Goberno central, o Consello de Europa e a UNESCO, todos puxeran xa os seus ollos sobre esta vella ruta de orixe esotérica, coa firme vontade de difundir a súa existencia, mellorar o seu trazado e realzar a súa importancia, pero sen unha aproximación cultural previa, capaz de garantir na súa actuación a ausencia de tropelías e desmáns logo moi difíciles de reparar.

Carlos G. Reigosa, 2001

Expón a túa opinión persoal sobre as posibles vantaxes e inconvenientes da recuperación que o Camiño de Santiago experimentou nos últimos anos.

Texto 8

Non é asunto banal este dun buraco no colchón. Ata agora sabiamos que as longas esperas nun ambulatorio son o mellor remedio para recuperar o sono atrasado, que a antesala de urxencias permite establecer relacións humanas impensables na vertixe cotiá, pero descoñeciamos a apaixonante experiencia de durmir sobre un furaco despois de saír dun quirófano. Os pacientes quéixanse porque ese é o seu papel, pero deberían mirar as cousas polo lado positivo. Mentres un se preocupa de non desaparecer polo buraco do colchón, esquece a orixe do seu mal, a causa do seu internamento. É o que en artilería se chama branco auxiliar, unha manobra de distracción. Non creo que os colchóns teñan un buraco adrede, porque no hospital son boa xente e andan a administrar as miserias que a administración adica á renovación do equipamento sanitario, pero, postos así debería patentarse o invento. O furaco no colchón é un mellor sistema para distraer da doenza que, por exemplo, a televisión. Todo o mundo dando brincos, pegando alegremente tiros pola rúa, bebendo licores, gañando cartos, desfacendo camas amorosamente... Coa televisión diante, o enfermo decátase dobremente da súa, nosa, triste condición.

Pola contra, un buraco non se resigna ó seu entorno senón que dalgún xeito debe rebelarse, debe poñer en funcionamento todos os seus recursos. Cando o buraco se fai insoportablemente presente, o enfermo xa ten esquecido o motivo real polo que foi conducido ó centro sanitario.

Manuel Rivas, 1988

Á vista do que se di no texto, expón a túa opinión crítica sobre a situación da asistencia sanitaria en Galicia.

Texto 9

Non morrerei na casa en que nacín,
nin talvez na parroquia, e outra lousa
conxelaré o **meu** nome sobre min
lonxe do sitio onde **meu** pai repousa.
Non cantarán para min as rumorosas
carballeiras da infancia (se aínda quedan),
nin aquel vento gastará as piadosas
letras que contra o olvido me concedan.
¿Quen saberá daquela onde estou eu,
se esta cadea non se continúa
que prende un home á terra en que naceu
e onde é xa terra tanta xente súa?
¿Onde estarán os netos dos **meus** fillos
cando o **meu** corpo críe xa pampillos?

Darío Xohán Cabana: *Canta de cerca a morte*, 1994

Expón a túa opinión sobre as vantaxes e inconvenientes de que nos desvinculemos do lugar onde nacemos e onde temos os nosos pais e nais.